

O Servizo de Drogodependencias de Monforte de Lemos ofrece, de forma confidencial e gratuita, un espazo terapéutico específico dirixido a adolescentes con condutas de risco relacionadas co uso/abuso de substancias aditivas (tabaco, alcohol, cannabis, cocaína...).

Ademais, a UAD (Unidade Asistencial de Drogodependencias) asesora profesionais/familiares na detección e manexo de situacións de risco e realízanse intervencións con mozos e/ou familias con dificultades relacionadas co uso e/ou abuso de substancias aditivas (tabaco, alcohol, cannabis, cocaína...).

# PREVENCIÓN = SAÚDE



Boletín para nais e pais

## A prevención na casa a mellor axuda

Boletín da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte

Equipo de Prevención

**Programa para adolescentes e mozos con problemas.**

Desexamos rematar o ano (e comezalo) con isto:



E non con isto outro:



Os últimos estudos sobre o consumo de drogas entre a poboación xuvenil constatan que a idade media de inicio se sitúa na adolescencia e que o uso de determinadas substancias se está a xeneralizar entre esta poboación.

A evolución que se produciu nos patróns de uso de determinadas substancias e o contacto temperán tan xeneralizado dos adolescentes coas drogas (o novo perfil de menores consumidores) require adecuar as estratexias e os métodos de intervención para dar as respostas axeitadas.

Para dar resposta a estas situacións a UAD conta cun programa destinado a adolescentes en situación de risco relacionada co fracaso escolar, problemas de conduta, inicio ou consumo frecuente de drogas, dificultades familiares, etc.

Trátase de evitar a consolidación destas condutas e reducir ou eliminar todos aqueles problemas que van asociados.


SUXERENCIAS E COMENTARIOS:

[uad@concellodemonforte.com](mailto:uad@concellodemonforte.com)

Si queredes poñervos en contacto con nós, estamos en:  
UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS  
EQUIPO DE PREVENCIÓN

C/Otero Pedrayo s/n

Monforte de Lemos (Lugo) Tlf. 982 400495



**Acuda a nós se coñece ou sospeita que o seu fillo ou alumno:**

- Consume substancias (tabaco, alcohol, cannabis, cocaína...)
- Está "enganchado" ás novas tecnoloxías (internet, móbil, videoxogos, etc.).
- Ten dificultades familiares, escolares e/ou sociais (problemas de conduta, ...).

# Importancia da familia na prevención do consumo de drogas.

Na familia adquirense e desenvólvense as actitudes, crenzas, valores, hábitos, estilos de vida e comportamentos que determinarán o modo dos fillos de enfrontarse á vida e, polo tanto, o modo de relacionarse coas drogas. De aí a consideración da familia como un axente preventivo fundamental nos programas de prevención de drogas. A familia é capaz de influír positivamente no desenvolvemento san e equilibrado dos seus membros.

A prevención familiar enténdese como a formación dos pais en todos os aspectos que poidan axudar aos seus fillos, non só en materia de drogas en si mesma, senón en todas as áreas que poidan relacionarse dalgún xeito co problema das drogas como pode ser o crear un bo clima familiar ou crear recursos abondo para afrontar mellor os distintos problemas que xorden no seo do grupo familiar, entre eles, o consumo de drogas.

Ao longo do ano, en diferentes centros escolares, traballamos con pais e nais interesados en coñecer ou, no seu caso, afondar nas posibilidades de actuación preventiva na súa familia. Axudámoslles a reforzar o papel preventivo de condutas de risco, entre as que se encontran, entre outras, os problemas derivados polo consumo de drogas, dende o convencemento de que previr na familia é algo natural, é dicir, algo posible de realizar día a día, de forma sinxela e constante dende unha idade moi temperá.

O procedemento básico que sustenta a nosa intervención consiste en orientar as familias, ampliar o coñecemento sobre a acción preventiva, mellorar a capacidade para facer fronte ás situacións complexas que se formulan na educación dos fillos e facilitar o achegamento e a utilización de recursos.

## O programa na UAD

O programa de asistencia a adolescentes e mozos e aos seus familiares xorde como unha necesidade detectada nos últimos anos da nosa traxectoria profesional no campo das drogodependencias e como un complemento ao traballo que realizamos diariamente.

Existen novos patróns de consumos asociados a un inicio máis temperán que requiren un achegamento e unha abordaxe específica.

### É por iso que o programa para mozos ofrece:

-Asistencia a adolescentes e mozos co obxectivo de reducir ou deter o consumo de drogas, así como previr ou detectar outros comportamentos de risco (fracaso escolar, agresividade, relacións emocionais e sexuais de risco, delincuencia, condución temeraria...).

### Inclúe:

- Atención psicoterapéutica individualizada. Trátase de crear un espazo de confianza co/a adolescente/novo para avaliar a situación de consumo (uso, abuso ou adicción), favorecer a toma de conciencia desta e / ou outras condutas de risco, e motivar o cambio.

- Urinoanálisis, se fora preciso.

- Asistencia a familias cun mozo / adolescente a cargo (con ou sen a asistencia deste ao tratamento), co obxectivo de valorar a situación de consumo, asesoralos e dar pautas de actuación adaptadas á situación concreta.

### - Atención psicoterapéutica familiar para:

- Informar sobre as diferentes drogas, os efectos e as súas consecuencias a curto, medio e longo prazo.

- Xerar ferramentas de detección de consumo e outros comportamentos de risco.

- Ofrecer estratexias familiares para favorecer a parada ou redución do consumo: límites, comunicación, habilidades sociais familiares, comprensión e empatía, estilo educativo...

